

**COMISIÓN TRIPARTITA DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS LABORAL  
DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**ACTA Nº4**

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Xerente**

Manuel Fernández Jauregui

**Xefe Servizo PAS**

José M. Fernández Viña

**Redacción de acta**

María Isabel Fernández Uría

**REPRESENTANTES SINDICAIS**

**Comité de Empresa Ourense**

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)

José M. García Eirín (CIG)

**Comité de Empresa Pontevedra**

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Marisa Magaz Ledo (CCOO)

**Xunta de PAS Funcionario**

Xoan Cebro Rodríguez (CIG), presidente

María José Ríos Santomé (CIG), secretaria

José A. Gándara Pérez (CIG)

Mónica Zas Varela (CIG, excusa a ausencia)

Alejandro Cadabón Figueroa (UGT, excusa a ausencia)

Mónica Méndez López (UGT)

Ruth Velasco Martínez (UGT)

Os membros indicados reuníronse ás 13:00 horas, do 27 de setembro de 2017 na Xerencia, coa seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1. Aprobación das actas nº 2 do 13 de abril e nº 3 do 20 de xullo de 2017.**

Apróbanse e asínanse as dúas actas anteriores.

**2. Negociación da proposta de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.**

O Xerente comeza lembrando que todos os órganos de representación manifestaran nas anteriores reunións o seu compromiso para negociar o proceso de funcionarización, e lembra a Xunta PAS que quedara en achegar hoxe a súa proposta.

O Presidente da Xunta de PAS di que quedaran en presentala en outubro pero que teñen unha serie de dúbidas que queren formular antes de presentala. En primeiro lugar di que se está a 7 meses do remate do mandato do Reitor e da propia Xunta do PAS que se trata de algo de moito calado e que é un tema moi

complicado. Que é mellor reflexionar sobre se interesa avanzar ou non. En segundo lugar di que as RPT's tanto de funcionarios como de laborais están recorridas e pode haber algunha dúbida de como integrar algún posto. En terceiro lugar quere facer unha serie de preguntas sobre o escenario no que nos movemos como son os dereitos económicos e administrativos do persoal, á vista do que ocorreu coa da funcionarización da U. da Coruña, que se tivo que modificar 3 veces, sobre todo modificando as escalas específicas do persoal, e da U. de Santiago, que inclúe melloras para o PAS Funcionario, no que promocionan tanto o PAS Funcionario como o Laboral, concretamente nos servizos xerais de grupo 5 a 4, de 4 a 3, de 3 a B na biblioteca, laboratorios e informática. Na U. de Vigo hai outra realidade, case non hai grupo V, e este é outra pregunta, de como cadrar os grupos.

Logo hai outra inquedanza, o asunto dos trienios, que agora son iguais aos dos laborais, para todos, pero dende o 2007, no que se acadou un acordo para que o persoal funcionario cobrara un complemento de antigüidade vinculado ao Convenio colectivo

A U. da Coruña tamén o ten para equiparar os grupos inferiores aos superiores pero non está vinculado ao convenio. Pregunta se tanto o PAS Laboral como o Funcionario, en canto cumpran un trienio o van cobrar ou non.

O Xerente responde de que non hai intención de mudalo e indica que coñece que na U. de Santiago isto está sendo unha dificultade para chegar a un acordo.

O presidente da Xunta PAS di que o proceso de funcionarización, agás para quen vaia a xubilarse axiña, é un proceso lóxico xa que doutro xeito esas prazas quedarían a extinguir, di que é así para o 90% dos casos, xa que quen non se funcionarice perde a posibilidade de promocionar. Engade que se encadra co falado sobre a oferta de emprego público, posto que todos os postos do persoal funcionario está adscrito a 2 grupos diferenciados e todas as prazas novas que se creen teñen que saír a concurso.

O Presidente do Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) afirma que será porque algo de positivo debe ter a funcionarización.

O presidente da Xunta PAS explicando o anteriormente dito di que iso sería como se un laboral puidera ser ao mesmo do grupo III e do IV, promocionaría no mesmo posto de traballo, cousa que os laborais non poden facer.

O Presidente do Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) afirma que será porque algo de positivo debe ter a funcionarización.

O presidente da Xunta PAS di que as adscricións do persoal funcionario está a 2 grupos polo que non ten este problema posto que promociona cambiando de grupo sen cambiar de posto de traballo. Engade que na USC utilizaron a redución de custes por promoción interna.

Resume que as cuestións son o tempo que hai de 7 meses, que as RPTs están recorridas e os dereitos económicos administrativos.

O Xerente di que independentemente do tempo que quede de mandato do equipo de goberno, o honesto e o correcto é seguir traballando no proceso de funcionarización porque é unha demanda do traballadores que o equipo de goberno asumiu como propia.

Aínda que as RPTs estean demandadas haberá que analizar cada sentenza, porque por exemplo, a da U. de Oviedo que tanto cita a Xunta de PAS non tivo efectos no que xa estaba executado. Os dereitos económicos e administrativos do persoal da U. de Vigo están a estas alturas consolidados. A contía dos trienios, como retribucións básicas, fíxaas o Estado por lei.

O presidente da Xunta PAS di que o que está asinado está feito, que non está falando a futuro. Que o complemento de produtividade pon o que retribúe e o TSXG dixo que se podía cobrar.

O Xerente continua indicando que cada cousa ao seu tempo, que primeiro habería que rematar o proceso e despois, se se xera aforro, este pode investirse no persoal. Os beneficios dependen da funcionarización, de

xerar aforro e cos interlocutores actuais na Xunta de Galicia, poderíamos darlle a volta porque as cifras de referencia serían as da masa salarial (entendendo que os seguros sociais non computan na masa salarial) pero baixo o criterio de equilibrio orzamentario, algo que todos estes anos lle garantimos á Xunta, polo que foron autorizando o que lles presentamos, porque sempre foi razoable, documentado e xustificado. Caben dúas opcións: aumentar as retribucións ou crear emprego.

Marcos cre lembrar que no acordo da USC hai un parágrafo no que se garante o complemento de antigüidade pero Xan acláralle que a USC non ten ese complemento.

O presidente da Xunta PAS di que non o hai, que hai un para o PAS L e outro para o PAS F e é o que se está reclamando.


O Presidente do CEPO pregunta se os aforros da funcionarización repercutirían directamente no persoal.

Carlos Mollinedo pregunta en que tipo de persoal.

O Xerente contesta que salvo novidade no PAS.

O Presidente da Xunta de PAS manifesta que a Xerencia aclarou as dúbidas que tiña a Xunta de PAS, que a reunirá, que é posible que se modifique o documento presentado pola xerencia e que presentarán o seu documento a finais do outubro tentando cadrar as 2 RPTs.

Sen máis asuntos que tratar péchase a reunión ás 14:00 horas.

The image shows three handwritten signatures in blue ink. The signature on the left is the most prominent and appears to be 'Carlos Mollinedo'. The middle signature is a long, horizontal, sweeping stroke. The signature on the right is a smaller, more compact scribble.

